

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Dirección de actores/actrices
DISCIPLINA	Dirección de actores/actrices I
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e dramaturxia
ITINERARIO	
CURSO	2º
CRÉDITOS ECTS	9
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Daniel González Salgado
DOCENTES	Nome e apelidos: Daniel González Salgado Horario titorías: http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&tit=Titorías Despacho: Departamento de Dirección escénica e dramaturxia Contacto: danisalgado@edu.xunta.gal
	Nome e apelidos: Irene Moreira Fontán Horario titorías: http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&tit=Titorías Despacho: Departamento de Dirección escénica e Dramaturxia. Contacto: irenemoreirafontan@gmail.com
DESCRIPCIÓN	Aplicación das técnicas dos sistemas de interpretación na dirección de actores/actrices na escena. Análise e concepción da situación e do personaxe. Interacción do/da actor/actriz no espazo e no tempo co resto de linguaxes escénicas. Concepción e análise do movemento escénico. Posición, desprazamento, ritmo e coreografía.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non se requiren.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego. Portugués.
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	

X2	Comprender psicolóxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
ED6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA

COMPETENCIAS VINCULADAS

1. Coñecer diferentes escolas e sistemas na dirección de intérpretes	X3, X6, ED6
2. Aplicar técnicas dos sistemas de interpretación na dirección actoral.	T9, X2, X4, X5, X6
3. Analizar dun xeito práctico os conceptos de situación e personaxe.	T6, T7, T9, X2, X3
4. Dirixir diversas modalidades de interacción dos intérpretes co resto de linguaxes escénicas.	T1, T3, T6, T7, T9, T10, X4, X5
5. Planificar e conducir o traballo de mesa.	T7, T9, T10, X3, X4, X6, ED2, ED3
6. Guiar o proceso de fixación de partituras actorais.	T9, T10, X4, ED2, ED3
7. Harmonizar o traballo do elenco arredor da fala escénica	T7, T9, T10, X4, ED3

4. CONTIDOS

TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. A dirección actoral	1.1 Consideracións históricas. 1.2 Tipoloxías. 1.3 Procesos e procedementos habituais.	10

2. A relación elenco-dirección	2.1 Os ensaios. 2.1.1 Necesidades actorais. 2.1.2 Obrigas da dirección. 2.1 Particularidades da comunicación elenco-dirección	40
3. O personaxe	3.1 Creación de realidades. 3.2 Acción. 3.3 Interacción	10
4. A situación	4.1 Textos e pretextos. 4.2 Espazo, tempo e axentes. 4.3 Unidades de acción.	20
5 O traballo do texto co elenco	5.1 O traballo de mesa nun proceso de ensaios. 5.2 A lingua padrón. 5.3 A fala na creación actoral. 5.4 Fonética galega aplicada ao traballo escénico. 5.5 O ritmo na oralidade en prosa e en verso. 5.6 A coordinación da fala escénica do elenco.	30
6. A creación da partitura actoral	6.1 Improvisación. 6.2 Selección. 6.3 Composición. 6.3.1 Corpo, espazo e tempo. 6.3.2 Dinamismo e interacción.	40
TOTAL SESIÓN		150

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	8		8
Exposición maxistral	16		16
Exposición práctico-teórica	40		40
Práctica individual	80	20	100
Práctica colectiva	20	12	32
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias	6	12	18
Outros			
Titorías individuais	12	8	20
Titorías de grupo	12	12	24
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	12		12
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	206	64	270
PORCENTAXE	76,3 %	23,7 %	

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Práctica de Dirección Actoral dunha peza curta ou escena textual.	Aprendizaxe do proceso completo da Dirección Actoral, dende a escolla do texto ata a práctica final con presentación pública do traballo.
Elaboración e entrega do Libro de Dirección da práctica.	Ser capaces de rexistrar o que sucede no proceso práctico, aprender a ferramenta do cardeno de dirección como autorreflexión e autoanálise do proceso creativo.
Recensión en vídeo dun libro ou artigo proposto pola docente	Unha vez feita a lectura e análise do material proposto enfrontarse a ver como comunicamos as nosas ideas.
Prácticas de dirección actoral centradas no traballo de mesa e a fala escénica	Práctica de recursos metodolóxicos centrados na organización do traballo de mesa e na harmonización da fala escénica en lingua galega dun elenco.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Tutorías individuais	Para garantir o entendemento da materia.
Recursos metodolóxicos sobre a fala galega escénica	Apoio no proceso individual de adquisición de competencias na dirección de traballos sobre a fala galega escénica.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN
8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Práctica de dirección actoral dunha escena textual	Todas	40 %
Entrega do Libro de Dirección da Práctica	Todas	20 %
Recensión en vídeo	Todas	10 %
Prácticas de dirección actoral centradas no traballo de mesa e na fala escénica	Todas	30 %

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Práctica de dirección actoral dunha escena textual	Todas	40 %
Entrega do Libro de Dirección da Práctica	Todas	30 %
Prácticas de dirección actoral centradas no traballo de mesa e na fala escénica	Todas	30%

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Práctica de dirección actoral dunha escena textual	Todas	40 %

Entrega do Libro de Dirección da Práctica	Todas	30 %
Prácticas de dirección actoral centradas no traballo de mesa e na fala escénica	Todas	30%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

Bogart, Anne (2008). *La preparación del director*. Barcelona: Alba Editorial.

Hauser, Frank (2017). *Notas de dirección*. Barcelona: Alba Editorial

Hodge, Alison (Ed.) (2003). *Teoría e práctica da interpretación*. Vigo: Ed. Galaxia.

Hormigón, Juan Antonio (Ed) (2008). *Del personaje literario-dramático al personaje escénico*. Madrid: ADE.

Melendres, Jaume (2000). *La dirección de los actores. Diccionario mínimo*. Madrid: Publicaciones de la ADE.

Regueira, X. L. (coord.) (1998). *Os sons da lingua*. Vigo: Xerais.

Rubinstein, Alberto (2016). *Entrenamiento actoral*. Buenos Aires: EUDEBA.

Salgado, Dani (2006). *A dirección de actores*. Vigo: Galaxia.

Santana, Salvador (1990). *Interpretación actoral según Brecht*. Sevilla: Cuadernos de la Universidad

Weston, Judith (2004). *La dirección de actores*. Oroso, A Coruña: Fluir Ediciones.

Referencias complementarias

AAVV (2005). *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: RAG-ILG.

AGAL (2017). *Ortografía galega moderna confluyente com o portugués no mundo*. Santiago de Compostela: Através.

Boal, Augusto (2002) *Juegos para actores y no actores*. Barcelona: Alba Editorial.

Bourdieu, P. (2008). *¿Qué significa hablar? Economía de los intercambios lingüísticos*. Madrid: AKAL.

Brook, Peter (1994). *La puerta abierta*. Barcelona: Alba Editorial.

Chejov, Michael (1999). *Sobre la técnica de actuación*. Barcelona: Alba Editorial.

Herrero Valeiro, M. (2011). *Guerra de grañas, conflito de elites*. Santiago de Compostela: Através.

Herrero Valeiro, M. (2015). *A normalização linguística, uma ilusão necessária: a substituição do galego e a normalização do espanhol na Galiza contemporânea*. Santiago de Compostela: Através.

Jameson, Fredric (2013). *Brecht y el método*. Buenos Aires: Bordes Manantial.

Knébel, M. O. (1998). *La palabra en la creación actoral*. Madrid: Fundamentos.

Knébel, M. O. (1999). *El último Stanislavski*. Madrid: Fundamentos.

Moreno Cabrera, J. C. (2010). *O nacionalismo lingüístico*. Cangas do Morrazo: Morgante.

Moure, T. (2019). *Linguística Eco-. O estudo das linguas no Antropoceno*. Santiago de Compostela: Através.

Oliva, S. (1992). *La métrica i el ritme de la prosa*. Barcelona: Quaderns Crema.

Oliva, S. (2008). *Nova introducción a la métrica*. Barcelona: Quaderns Crema.

Pavis, Patrice (2008). *Diccionario del teatro*. Buenos Aires: Editorial Paidós.

Regueira, X. L. (2010). *Diccionario de pronuncia da lingua galega*. A Coruña: Real Academia Galega.

Stanislavski, Constantin (1963). *Manual del actor*. México D.F. Diana Editorial.

Unwin, S. (2004). *So you want to be a theatre director?* London: Nick Hern Books.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

A falta de asistencia a clase de máis do 10% do horario lectivo desta materia suporá a perda da avaliación continua. Todo atraso na hora de entrada na aula será contabilizado tamén como falta de asistencia.

Xa que **a lingua na que se desenvolverán maioritariamente todas as actividades da materia será a lingua galega**, o alumnado con dificultades na mesma deberá recorrer ás titorías para que o docente lle indique as pautas a seguir de cara ao axeitado aproveitamento do curso.

Cada alumna/o deberá conseguir pola súa conta a **colaboración de intérpretes** para realizar durante o curso (e nos exames, no caso de se teren que facer) as prácticas desta materia.

Para a **asistencia a titorías débese falar previamente co profesorado, co fin de pactar o día e a hora do encontro.** Tamén se pode concertar a titoría enviando unha petición por correo electrónico. Será respondida tamén por correo electrónico, indicándose o día e a hora da titoría.

Para a superación da materia, o alumnado deberá ter **aprobadas todas e cada unha das ferramentas de avaliación** arriba indicadas.

O alumnado que se presente aos **exames das convocatorias ordinaria ou extraordinaria** deberá **contactar previamente co profesorado** que imparte a materia, co fin de poder organizar a sesión debidamente.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a ESAD de Galicia establecerá unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz, ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala. Así, no caso de se recorrer á semipresencialidade ou á teledocencia, adaptaranse os contidos á nova situación, recorrendo a ferramentas pedagóxicas que non permitan a perda da dimensión práctica da materia. Polo que atinxe á vertente teórica da disciplina, estableceranse as canles precisas para que o avance de contidos non sufra demora. Así pois, **para a avaliación non presencial de toda a disciplina**, as ferramentas e actividades de avaliación serán as que seguen:

ACTIVIDADES	COMPETENCIAS	PONDERACIÓN
Práctica actoral (versión confinada)	Todas	40 %
Libro de dirección (adaptacións telemáticas)	Todas	30 %
Prácticas sobre a fala escénica (radioteatro)	Todas	30%

No caso de que o tránsito do ensino presencial ao non presencial se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS ANTERIORES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INSTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).